

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	OÍMBRA
Edificio	Igrexa de Santa María de Oimbra
Dirección	Camiño da Pôrbaila, 26. 32613
	41.886856 -7.472463
Protección	
Descrición	Igrexa do século XVI cunha capela lateral, encargada polos condes de Monterrei. A parede norte conserva intactos uns cantos canzorros románicos moi interesantes, e as escadas que hai a carón da entrada, pois a igrexa está na ladeira moi empinada dun castro, son de gran interese artístico. Ten unha nave rectangular con presbiterio máis alto e ancho que a nave. A cuberta é de tella cerámica a dúas augas, catro no presbiterio, e tres na capela lateral (capela dos condes) do muro sur, posterior á propia construción. A capela ten nas esquinas pilastras a modo de contrafortes rematadas en esbeltos pináculos, igual que as catro esquinas do presbiterio. A fachada ten unha porta que foi de arco apuntado, pero engadiúselle unha lumieira e agora está alintelada. Ten a media altura un lucernario rectangular e remata nunha espadana de dous ocos coroada cunha cruz de pedra e dous pináculos.
Campás	2 campás.
Fotos	2
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autores da documentación	HOMEDAPEDRA LOZANO RÚA, José Luís / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
Data	31-03-2026

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Menor.	RUIZ	1895	52	81
Espadana	Maior.	ANÓNIMO (GALICIA)	1796	65	159

Información completa: [Igrexa de Santa María de Oimbra - OÍMBRA \(GALICIA\)](#)